CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061, PARA A FORMACIÓN E HABILITACIÓN DO PROFESORADO NO MARCO DO PROGRAMA "RCP NA AULA" EN GALICIA.

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

Eu, como director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARO:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten a vontade de asinar un convenio de colaboración coa FPUSG-061 que ten por obxecto a colaboración entre as dúas entidades para habilitar na Comunidade Autónoma de Galicia o profesorado dos centros dependentes da Consellería, como monitores de SVB, así como provedores de DESA.

Razóns de oportunidade

A Consellería é consciente da necesidade de potenciar a formación do profesorado, en particular en materia sanitaria.

A FPUSG–061 organiza e imparte, entre outros moitos contidos docentes, cursos de formación para a utilización e manexo de desfibriladores externos semiautomáticos por persoal non médico, conforme o establecido no Decreto 38/2017, do 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario e se crea o seu rexistro, co fin de garantir unha atención integral e de calidade e de mellorar a seguridade do paciente.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dUUKz4SjjP5 https://sede.xunta.gal/cve

Desde o ano 2016 a Consellería e a FPUSG-061 veñen desenvolvendo en Galicia o programa RCP na Aula, que integra a formación do profesorado de educación secundaria (en especial de educación física) como persoal monitor de desfibrilación externa semiautomática, para que posteriormente este profesorado de ensino secundario obrigatorio (ESO) en soporte vital básico forme o alumnado de ESO en SVB, de acordo co previsto no Decreto 38/2017, do 23 de marzo.

A Consellería e a FPUSG-061 coinciden en considerar que a formación da cidadanía en idade escolar nestes contidos é, como recomendan as sociedades científicas e as guías internacionais da atención ás emerxencias, unha das estratexias máis efectivas para mellorar o prognóstico da morte súbita.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a subscrición dun contrato dos recollidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras. asino dixitalmente esta memoria, na data da sinatura dixital.

Asinado por: ALVAREZ BERTOLO, JESUS MANUEL
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 15/06/2026 09:48:54

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dUUKz4SjSP5 https://sede.xunta.gal/cve